

O COÑECEMENTO, A LINGUAXE E A VERDADE.

Resumo

- Coñecer esixe xustificar a relación entre o *suxeito* e o *obxecto*. A Gnoseoloxía encárgase de investigar esta relación en xeral, a epistemoloxía encárgase de xustificar o coñecemento científico.
- As formas de coñecer son por medio da: percepción, emocións, memoria, razón, imaxinación, fe e intuición.
- Hai dous tipos de coñecemento: un teórico que busca coñecer e outro práctico que busca actuar e tomar decisións.
- Os graos de coñecemento son: saber, crenza, opinión, dúbida e ignorancia.
- As facultades do ser humano para coñecer son a sensibilidade (percepción) e a razón.



- Os conceptos materialízanse en palabras, os xuízos en proposicións e os razoamentos en argumentos.
- María Zambrano indica máis alá da razón discursiva unha razón poética capaz de revelar un coñecemento non racional ou conceptual, baseado na metáfora e a poesía.
- A verdade pode ter coma criterios a utilidade, a autoridade, o consenso, a verdade empírica, verdade coma coherencia, coma evidencia racional, coma adecuación ou coma metáfora.
- Actitudes filosóficas ante a verdade: dogmatismo/escepticismo, relativismo/subxectivismo, perspectivismo e hermenéutica.
- A linguaxe: a relación entre as palabras e as cousas, é natural?, é convencional?
- **Wittgenstein** expresa o seu pensamento filosófico en dúas etapas incompatibles:

Teoría semántica
No Tractatus a linguaxe é unha figura ou imaxe dos feitos que esixe a correspondencia co mundo (isomorfismo) a linguaxe designa cousas polo que os límites da linguaxe son os límites do mundo, a linguaxe representa á realidade. Gran influencia no neopositivismo.

Teoría pragmática
Nas Investigacións filosóficas explica o erro do Tractatus, pois entenderá á linguaxe coma unha actividade e a describe coma unha *caixa de ferramentas* que permite desenrolar diferentes *xogos da linguaxe*, o significado dunha palabra pode variar en virtude do seu *uso*. Esta teoría tivo grande influencia na Filosofía Analítica.



- Dende o punto de vista político debemos ser conscientes de que todo coñecemento é movido por un interese que segundo Habermas e Apel pode ser **técnico** se persigue predecir e dominar, **práctico** si persigue comprender para dialogar e convivir e **emancipatorio** si o que busca é facernos libres.
- A verdade é unha arma infalible coma instrumento de poder e control social. Donna Haraway afirma que o coñecemento é un constructo social non neutral polo que debemos estar atentos ás inxustizas.
- A posverdade é unha distorsión intencionada que ten coma fin manipular a opinión pública xerando *anemia mental* por iso é fundamental loitar contra ela.

- **A perspectiva histórica**

-Na ciencia antiga os presocráticos entendían a verdade coma aletheia, é dicir, desvelamento do *auténtico* mediante a razón. Os sofistas negan a verdade obxectiva polo que hai que creala convencionalmente. Para Sócrates debemos acadar a verdade universal e obxectiva mediante o método da maieutica. Para Platón a verdade universal e obxectiva é trascendente ás cousas, atópase no mundo intelixible, no sensible só opinións. Para Aristóteles a verdade universal e obxectiva atópase de xeito inherente ás cousas, a verdade será a correspondencia entre o abstraído pola miña razón e as cousas.

-Na modernidade a verdade entenderase coma concepto xa que non podemos coñecer ó obxecto en sí senón á representación subxectiva do mesmo por iso a verdade enténdese coma *certeza* e de ahí a necesidade dun método que garantice esa certeza. Para os racionalistas será o método dedutivo, para os empiristas o indutivo e para Kant a síntese crítica da materia e a forma, esta forma é o universal e atópase no suxeito (son as estruturas transcendentais), o suxeito determina e condiciona ó obxecto e non ó revés coma tradicionalmente se pensaba, é o que coñecemos coma *Xiro copernicano*.

-Na filosofía contemporánea o neopositivismo defende a verificación pero para Popper, co seu racionalismo crítico defenderá unha postura máis prudente: o falsacionismo.